

Queridas familias:

Esperamos e desexamos que vos atopedes perfectamente, e que as consecuencias desta situación excepcional sexan as mínimas posibles nos vosos fogares.

Dende o Centro de Recursos, queremos recordaros que estamos á vosa disposición ante calquera dúbida e tamén para ofrecervos o noso apoio e asesoramento se o precisades.

A continuación, atoparedes unha recompilación de aplicacións educativas e de entretemento clasificadas en distintas categorías. Todas as Apps seleccionadas son gratuítas, mais nalgunhas só será posible acceder a parte dos contidos e noutras será preciso rexistrarse. Nas táboas aparece tamén indicado en que sistema operativo se poden descargar, Android ou Apple.

Con este material, non pretendemos interferir na vida familiar nin solapar as tarefas dos centros educativos de referencia, tan só queremos ofrecervos actividades atractivas, lúdicas e variadas por se as precisades.

Recibide unha gran aperta, moito ánimo e confiamos en que pronto chegará o día no que celebremos o noso encontro.

Para calquera consulta ou aclaración non dubidedes en poñervos en contacto connosco.

**Silvia Anca**

[silviaanca@edu.xunta.gal](mailto:silviaanca@edu.xunta.gal)

**María Quintáns**

[m.quintans.fondo@edu.xunta.es](mailto:m.quintans.fondo@edu.xunta.es)

Un cordial saúdo.